



Benedicta, de Lira, apañando ourizos. Foto: Maribel Longueira

A SARA, PERCEBEIRA NA ILLA DE ONS

*Hoxe quixera, irmá de pel curtida,
instalarme no adentro dos teus ollos
e atesourar en min eses abrollos
que te fixeron forte e destemida.*

*Hoxe quixera estar na rocha ardida,
collida da túa man, fronte ós abrollos
que puxeron ó mundo de xeonllos
ante a Galicia ergueita, anque ferida.*

*Sara de dignidade, percebeira
que pariches os fillos e os criaches
coas escumas do mar que te azoutaba.*

*Galicia chora hoxe, compañeira,
mais ti non vas chorar, porque gañaches
ese amencer que outrora se albiscaba.*

M^a VICTORIA MORENO: Elexías de luz (2006)